

ADIANTE !!

XORNAL

**C.R.A. de
NARÓN**



Nº -32-2021



Verbas de



ROSALÍA DE CASTRO



VAL 4º EI



VAL 5º EI



VAL 6º EI



SEDES



VAL 1º EP



VAL 2º EP

ÍNDICE:

1. Editorial
2. A Voz do CRA..... (6º Infantil Domirón)
3. A Nosa Contorna O Val..... (2º Primaria Val)
4. As Olimpíadas..... (Val Infantil)
5. Petiscos de Arte..... (Sedes)
6. Letras Galegas: Xela Arias..... (3º Primaria Val)
7. Entrevista Muller do Ano en Narón..... (1º Primaria Val)
8. A Vida Secreta das Mascotas..... (4º Primaria Val)
9. Receitas..... (4º Infantil Domirón)
10. Pasatempo..... (5º Infantil Domirón)
11. Firmas

EDITORIAL

Con ledicia decímosvos que aquí está de novo a revista ADIANTE, despois do salto do curso pasado que non se puido editar por mor da pandemia. Retomamos deste xeito o noso nº32.


Debido á casuística deste curso e dado que traballamos de forma máis individual, decantámonos por unha revista de variedades que reflicte o traballo no día a día das nosas escolas: de Xapón a Narón co Proxecto das olimpiadas, coñecendo a nosa contorna, tamén hai lugar para entrevistas, neste caso á muller de Narón 2021, ademais de receitas, novas e pasatempos.

Este ano o noso enfoque literario tivo como eixo o Día de Rosalía de Castro no que traballamos no coñecemento de palabras que están a ficar sen uso. O produto deste traballo recollémolo na contraportada interior da revista.


Sen máis esperamos que gocedes deste novo número.

AVOZ DO CRA.

NA PARROQUIA DO
VAL ESTÁN FACENDO
UN PARQUE NOVO.
OS NE NOS ESTÁN
MOI ILUSIONADOS





OS NENOS DE SEDES
ATO PARON NA
FONTE UN MECO
E QUEDARON
ALUCINADOS.
QUEN O PODERÍA?





alguna de ambas cuentas para no
herir susceptibilidades.

con decepciona




NA ESCOLA DE DOMIRÓN
FIXERON UN XARDÍN
COLGANTE. TAMÉN
TEÑEN 2 COELLÓS:
MANCHITAS E SALTARÍN



ERIC UN NENO DE PRIMARIA DO VAL,
GAÑOU UN PREMIO DE RASTRO COGEU CAN.
PARA ANIMALO DECÍALLE VAI VAI !!



DOMIRÓN - SANOS

Animádevos a visitar O Val




O Val
é unha parroquia rural que se localiza no
noroeste do concello de Naron, provincia
da Coruña.

- O Convento de Baltar : encontrase situado en Baltar . A súa construción foi a finais do século XVI e conservan dende entón dúas grandes pedras armeiras.




- Fonte de Santa Margarita : situada preto da parte traseira da capela . Baixase por unha longa escaleira de pedra . Díciase que tiña auga curativa.

- Club de golf Campo de mar : atópase preto da nosa escola.
- Campo de fútbol.



● Ruta Pena Molexa - Monte da Lagoa
Encontrase en Naron dentro da cos-
ta Ártabra. A ruta comera preto da no-
sa escola e ten forma de oito. Póde
se facer a pé ou en bici.

Durante a ruta iredes vendo diferentes
lugares de interese como son: o
castro de Vilasuso (antigo hábitat
celta), a Pena Molexa (monumento
megalítico), mirador de Pena Lo-
pesa. Despois chegaredes ao campo
do Avial dende onde se pode ver a
cala da Hortiña e un pouco máis
adiante a praia do Casal.



A lenda da Pena Molexa

Fálase de varias lendas: A lenda da Moura di que por un feitiço a noite de San Xoan convértese en muller e amosa os tesouros. A lenda dos pitíños de ouro, na noite de San Xoan sae a pita cos seus pitos de ouro. A lenda dos guerreiros: na noite de San Xoan convértese en homes que coidan e vixían a xente do Val.



Nencas/os de 2^o



OLA NENOS E NENAS,
EU SON MIRATOWA!

EU SON SONEITY!



SOMOS AS MASCOTAS DAS
OLIMPIADAS E PARAOLIMPIADAS

VINDE CON NÓS A
DESCUBRILAS

OS XOGOS OLÍMPICOS

CELEBRANSE CADA CATRO ANOS.

PARTICIPAN ATLETAS DE TODOS

OS PAISES.



AS OLIMPIADAS VANSE
CELEBRAR NO VERÁN DO ANO 2020
PERO DEBIDO A PANDEMIA DA COVID-19
FOI PRECISO POSPOÑERLAS ATA O 2021




OS XOGOS DE VERÁN DO ANO 2021
SERÁN EN TOKIO-



ESCANEA ESTE CÓDIGO
QR E VISITA A
PÁGINA OFICIAL DAS
OLIMPIADAS.

A BANDEIRA DAS OLIMPIADAS
ESTÁ FORMADA POR 5 AROS DE
CORES SOBRE UN FONDO
BRANCO. CADA ARO REPRESENTA
A UM DOS 5 CONTINENTES.




AZUL-OCEANIA
NEGRO-ÁFRICA
VERMELHO-AMÉRICA
AMARELO-ÁSIA
VERDE-EUROPA

EMBLEMA
FORMADO POR 3 TIPOS DE
RECTÂNGULOS. REPRESENTA
A DIVERSIDADE.



TOKYO 2020





TOKYO 2020
PARALYMPIC GAMES



O FACHO OLÍMPICO
ENCAMINHA OS DEPORTISTAS
INICIO DAS OLIMPIADAS



OS DEPORTISTAS GANADORES DOS
XOGOS OLÍMPICOS DA ANTIGA
GRECIA ERAN AGASALLADOS
CUNHA COROA DE RAMAS DE OLIVO.
O OLIVO SIGNIFICABA TRIUNFO.



NA ACTUALIDADE HAI 3 PREMIOS
PARA OS GANHADORES OLÍMPICOS.
MEDALLA DE OURO PARA O 1º POSTO.
MEDALLA DE PRATA PARA O 2º
E MEDALLA DE BRONZE PARA O 3º.




OS GANHADORES SUBEN AO PODIUM
PARA RECEBER AS MEDALLAS.

ALGUNOS DE NUESTROS DEPORTES FAVORITOS




CICLISMO

SALTO DE ALTURA




NATACIÓN




FÚTBOL

GOLF




SALTO DE LONGITUD



VAL - 3-4-5-AÑOS

PETISCOS DE ARTE





YAYOI
Kwama




Naces en Xapón



Estaba un pouco máliña





Foi a Nova porque a vizin



LETRAS GALEGAS 2021

XELA ARIAS




3º PRIMARIA- LETRAS GALEGAS 2021 – XELA ARIAS

Xela Arias naceu o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo).




Os seus pais chamálanse Valentín e Amparo.






3º PRIMARIA- LETRAS GALEGAS 2021 – XELA ARIAS



Con 11 anos gañou o VI Concurso sobre Contos Infantís de O Facho co relato titulado "A praga dos paxaros faladores e a praga leopárdica".



Ao rematar os estudos, como se esperaba moi ben en galego, comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia.

XERAIS




3º PRIMARIA- LETRAS GALEGAS 2021 – XELA ARIAS

En 1994 nace Darío, o seu único fillo.



Xela foi poeta, tradutora e profesora.



En 1999 comeza a traballar como profesora de lingua Castelá e Literatura.



Os seus libros de poemas máis coñecidos son "Tigres coma cabalos" e "Dario a diario".



3º PRIMARIA- LETRAS GALEGAS 2021 – XELA ARIAS

Traduciu ao galego moitos libros como "As bruxas" de Roald Dahl; "Contos ao teléfono" de Rodari e "O Gato Gaiado" de Jorge Amado.



Xela faleceu en Vigo o 1 de novembro de 2003 aos 41 anos despois dunha vida dedicada á poesía, á tradución ao seu idioma e a Galicia.



ENTREVISTA A MANUELA CASTRO "MANOLITA", MULLER DO ANO EN NARÓN

Manolita veunos visitar o xoves 6 de maio para falarnos do seu labor en Protección Civil e tamén do motivo polo que lle deron o premio á muller do ano 2021, de Narón.

Pasámolo moi ben simulando a busca dunha persoa, comunicámonos cos walkie-talkie para atopala e tamén manexamos un sinal de aviso luminoso. Foi moi divertido!

E isto foi o que nos contou Manolita...




Cal foi o motivo polo que gañaches o premio?

O premio é á muller do ano do Concello de Narón. Consiste nun recoñecemento público por parte de toda a veciñanza de Narón pola labor desenvolvida durante o ano 2020. Neste caso a min déronmo por botar unha man en todo o relacionado coa pandemia provocada polo Covid 19. Durante o confinamento e os meses posteriores axudei ás persoas que estaban confinadas nas súas casas levándolles comida, menciñas, sacándolles o lixo, facendo recolecta de alimentos para as persoas que quedaron sen traballo, etc. Foi moi gratificante.

Que premio che deron?

O premio á muller do ano do Concello de Narón.



Cando soubeches que cho ían dar?

No mesmo instante en que no deron. Leváronme ao Salón de Plenos do Concello enganada e alí escoitei un discurso no que mencionaban o meu nome e foi cando me din conta de que algo pasaba. Despois entregáronme unha condecoración e un ramo de flores.

Cantos anos levas en Protección Civil?

10 anos.



Por que che gusta ser de Protección Civil?

Porque se realizan actividades moi diversas e entretidas, coñécese moita xente e axúdase a persoas que o precisan.

Tes que levar uniforme cando traballas?

Si.

A que xente axudas?

Aos veciños e ás veciñas de Narón que máis o necesitan e tamén aos organizadores e ás organizadoras dos eventos do Concello de Narón.

Como lles axudas?

Como dixen antes, levándolles comida, menciñas, etc., ás súas casas ou axudando nos operativos que se levan a cabo no noso Concello.

Ademais de axudar á xente, que che gusta facer no teu traballo?

Falar coa xente e estar cos meus compañeiros e compañeiras.




Quen che deu o premio?

Entregáronmo a Alcaldesa e a Concelleira de Igualdade.

De todo o que fixeches polos demais, que foi o que máis che gustou?

Botar unha man ás persoas que máis o

necesitaban e non podían saír das súas casas.



Enfádaste algunha vez? Cando?

Non moito. Son unha persoa moi afable.

Cal é a túa comida favorita?

Gústame todo pero unha das miñas comidas preferidas é a pizza.

Onde vives?

No Val.

Tes mascotas?

Si, teño un cadelíño.

Como é a túa familia?



Moi grande. Teño moitos irmáns e tamén teño dúas netas.

Como tes unha neta tan boa?

Ela é así e quéroa moito.


Que fas no teu tempo libre?

Cortar a herba na miña casa e plantar moitas verduras. Gústame estar ocupada.



A vida secreta das mascotas

Nunha escola de Narón vivía unha gatiña de cores á que os/as nenos/as chamaron Bufiña. O seu nome, viña de "bufar", aínda que ninguén a escoitara nunca facelo.





Cada certa tempo Bufiña preparaba ratos e aventuras para facer pensar e rir.

Un bo día deixaron de vela, pero non lle deron demasiada importancia porque sospeitaban que tiña vida propia, aínda que ninguén a vira nunca moverse por si mesma.

Pasou bastante tempo sen que se soubera dela. Unha mañá, ao chegar a clase, atoparon un paquete no chan. Tiña un cuño de Francia. Dentro había agasallos típicos e varias fotos de Bufiña nese país, esquiando e facendo turismo. Os maiores pensaron que tal vez alguén levara a Bufiña

de viaxe, pero iso sería moi raro porque non se pode viaxar así como así debido ao coronavirus.





A partir dese momento os rapaces da escola comezaron a recibir postais en paquetes misteriosos e moi curiosos, de diferentes lugares do mundo.


As veces aparecía Bufiña na China, comendo gideos; en Nova

Iorque, paseando entre roñaceas; ou nas Illas Canarias, tomando o sol e desfrutando dun refresco baixo unha palmeira.

Os rapaces non saían do seu asombro e as cartas eran o centro de todas as conversas ata que, de súpeto, deixaron de chegar.



Despois das vacacións de Nadal, tras un mes sen recibir carta ningunha, os rapaces comezaron a preocuparse e preguntábanse se algo lle pasaría a súa querida Bufiña.



Despois do Entróido, mentres os rapaces estaban no recreo, viron unha avioneta voando baixo que, ao chegar a escola, comezou a botar paquetes. Os/as nenos/as foron correndo a collelos e viron que había un para cada un, co seu nome escrito. Dentro de cada paquete había unha moeda de ouro verdadeiro e unha carta.





Na carta Bufiño contáballes que durante a última
reise a avioneta de mascotas, lectoras na que
seixosela deixara de funcionar e o piloto máis
ela tiveran que facer unha aterraxe de emerxe-
ncia nunha illa deserta. Decidiron facer unha fogueira
no praia para ver se os seis algún barco e os
rescatálos.




Mentres buscaban ramas para facer
o lume tropezaron cun cofre media
enterrado, que estaba cheo de moedas
de ouro. Vária sorpresa!

Despois de poucas horas veiron dous barcos
achegarse á illa. Cando estiveron preto
decatáronse de que estaban loitando entre eles.
Do que saía fume, tiña izada a bandeira
pirata!



A batalla durou ata que o barco pirata
decidiu retirarse. Entón, o outro barco
acercouse á illa. Coas moedas que atoparan
puideron pagar ao capitán para que os levara
de volta ao continente. Alí fixeron unhas
xestións na oficina de correos para enviarse
a si mesma nun paquete de volta a
Narón.

Os/as nenos/as comprenderon que a avioneta
que lanzara os paquetes era a avioneta de
mascotas e que xa quedaba pouco para que o
carteiro trouxese de volta a Bufiña.
Seguro que chegaría chea de ideas novas.



Nenos/as de 4º de Educación Primaria (COVal)

PALMEIRA DE FRUTA




INGREDIENTES

- 1 PLÁTANO
- 1 KIWI
- 1 MANDARINA



PREPARACIÓN









- 1º PELAR LA FRUTA CORTAR O PLÁTANO A METADE EN VERTICAL. POMELO NUM PRATO CORTAR O EN ANAQUITOS PARA FORMAR A PALMEIRA
- 2º PELAR E CORTAR O KIWI EN QUARTEIRONES. DESPOIS PONÊLOS FORMANDO AS FOLHAS
- 3º COS QUARTEIRONES DA MANDARINA FORMAMOS DEBAIXO A ILA.

DOMIRÓN  A NOS

POSTRE RÁPIDO DE IOGUR



INGREDIENTES:

- 1 IOGUR BRANCO 
- 20 UE GALLETAS   
- FROITOSSELOS OU CEREAL    

UTENSÍLIOS:

- CULLER
- VASO



PREPARACIÓN:

1º PICAR AS GALLETAS

2º BALEIRAR O IOGUR ENriba DAS GALLETAS

3º DECORAR COs FROTTOS SECOs OU COs

CEREALs

PASA TEMPOS

2014

DE

LETRAS

+ 12 AF #

U	I	X	E	L	N
A	T	I	G	R	E
E	G	R	A	L	A
C	P	A	T	E	M
A	S	F	O	O	U
N	D	A	I	N	S


GATO

CAN

TIGRE

LEON

DIFERENCIAS




SUDOKU

	2	
	3	1
3		

1		3	
2			
			4
	1		

KRUCIGRAMA




Don IRÓN 3AÑOS

Nesta páxina podes levar un recordo dos teus compañeiros e compañeiras do CRA:

A large, empty rounded rectangle with a thin blue border, intended for a drawing or record. The rectangle has rounded corners and occupies most of the page below the header text.



ROSALÍA DE CASTRO



VAL 3º EP

VAL 4º EP



DOMIRÓN 4º EI

DOMIRÓN 5º EI



DOMIRÓN 6ºEI

Letras Galegas 2021



XELA ARIAS



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística